

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN A CASA VELLA PARA O DESENVOLVEMENTO DO IV CICLO DE ARTES VIVAS DE MEDIACIÓN E EXHIBICIÓN A CASA VELLA 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación A Casa Vella o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento do IV Ciclo de Artes Vivas de Mediación e Exhibición en 2025, que organiza a Asociación A Casa Vella e que se desenvolve ao longo de todo o ano en diferentes espazos dos concellos de Allariz, Vilar de Santos, Xunqueira de Ambía, A Bola e Maceda, cunha programación de 14 propostas artísticas que involucran a máis de 25 artistas galegos, nacionais (Asturias, País Vasco, Castellón, Cataluña, Cantabria, Madrid) e internacionais (Portugal, Cuba, Costa Rica, Serbia, Malta, Austria, Bélxica e Italia) vinculados ao espazo físico de creación de danza no rural que é A Casa Vella.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación A Casa Vella é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro que ten como fins principais, entre outros, promover e apoiar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento sustentable do medio rural dende un punto de vista social, cultural, ambiental e económico; preservar e poñer en valor os recursos locais e a cultura e tradicións propias do contorno; servir de espazo de encontro, impulso e apoio a proxectos e iniciativas innovadoras que camiñen cara a unha economía e sociedade sostible e respectuosa co medio; crear conexións entre a cultura e tradicións propias do contorno e a creación artística contemporánea; impulsar proxectos artísticos colaborativos que dean voz á sociedade civil do medio rural e descentralizar das capitais o acceso ás artes vivas e á creación artística garantindo un acceso universal e equitativo ás prácticas artísticas.

A Asociación vén desenvolvendo dende hai anos o Ciclo de Artes Vivas de Mediación e Exhibición A Casa Vella, un programa de achegamento do proceso creativo e de investigación da danza e creación contemporánea á poboación que ten como obxectivo activar novos públicos e abrir novas canles de relación entre espectadores e artistas, conectando os procesos artísticos co medio rural e achegándolle á poboación propostas culturais de calidade máis alá dos focos urbanos. Trátase dun proxecto único e de valor e impacto positivos na área onde se desenvolve, áreas rurais da provincia de Ourense, onde non existen programas artísticos de alcance similar.

As liñas de acción que desenvolve a A Casa Vella coinciden coas estratexias e medidas aprobadas no Plan Integral para a Danza desenvolvido pola Agadic, documento colaborativo feito co sector



profesional, onde se recollen as prioridades e necesidades do sector, que marcan as liñas de traballo futuras. As liñas de acción que desenvolve a A Casa Vella coinciden coas estratexias e medidas aprobadas no Plan Integral para a Danza, por canto buscan fortalecer a creación e o talento, impulsar a exhibición e a distribución, fomentar a formación e profesionalización, potenciar a visibilidade e creación de públicos, descentralizar e diversificar a danza e artes do movemento, dinamizar a danza no rural galego ou favorecer a inclusión. Todo este esforzo no fomento dun sector como o da danza e as artes vivas que realiza a Asociación coincide coa liña de difusión e promoción deste ámbito que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas de cara ao seu afianzamento.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que desenvolve unha actividade deste tipo. O seu carácter de único centro de creación artística e dinamización da danza e artes de movemento localizado no rural galego e que abrangue todos os campos, dende a formación ata a creación, mediación e profesionalización, a realización en exclusiva do Ciclo de Artes Vivas e Mediación e Exhibición, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

